CONCELLO DE BARREIROS

ANEXO I: Solicitude de reserva de praza nas Escolas Deportivas Municipais adultos 26/27

DATOS PERSOAIS DA PERSOA SOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE

Nome e apelidos

DNI/NIE/Tarxeta de extranxeiro/Pasaporte

Empadroado/a

SI | NON

☐ **Autorizo** ao Concello de Barreiros á consulta do dato de padrón requerido para a tramitación deste procedemento.

☐ **Opóñome** á consulta do dato de padrón requerido para a tramitación do procedemento indicado de conformidade coa normativa reguladora, e adxunto o documento correspondente.

Na súa representación (menores de 16 anos)

Nome e apelidos da nai, pai ou titor/a legal

DNI do representante

DATOS DE CONTACTO DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Dirección: nome da vía, número, bloque, escaleira, planta e porta.

Provincia

Municipio

C.P.

Nº Tlf. móvil/ fixo

Nº Tlf. móvil

☐ **DOU O MEU CONSENTIMENTO** para que **os números de teléfonos facilitados nesta solicitude sexan incorporados aos grupos de WhatsApp** creados polo Concello ou polos monitores das actividades para o envío de mensaxes propias do funcionamento interno das actividades ás que estou inscrita ou inscrito.

☐ **NON consinto** que os números de teléfonos facilitados nesta solicitude sexan incorporados aos grupos de WhatsApp creados polo Concello ou polos monitores das actividades para o envío de mensaxes propias do funcionamento interno das actividades ás que estou inscrita ou inscrito.

SELECCION DE ACTIVIDADES ÁS QUE SE DA DE ALTA

DATA de inicio das actividades

Data e hora de adxudicacion
A cubrir pola administracion

:

Adxudicacion en liña — **SI / NON**

LUNS	A CUBRIR POLA ADMINISTRACION	
☑ Horario das actividade	Praza	Agarda
☐ 9:30 XIMNASIA SM		
☐ 10:30 XIMNASIA SM		
☐ 17:00 XIMNASIA SC		
☐ 18:00 IOGA SUAVE SC		
☐ 19:00 ESPALDA SC		

MARTES	A CUBRIR POLA ADMINISTRACION	
☑ Horario das actividade	Praza	Agarda
☐ 10:30 PILATES SM		
☐ 18:00 IOGA SUAVE SC		
☐ 19:00 PILATES SC		
☐ 20:00 ZUMBA/STEP SC		

MERCORES	A CUBRIR POLA ADMINISTRACION	
☑ Horario das actividade	Praza	Agarda
☐ 9:30 XIMNASIA SM		
☐ 10:30 XIMNASIA SM		
☐ 17:00 XIMNASIA SC		
☐ 17:30 BAILE de VERBENA SM		
☐ 18:00 XIMNASIA SC		
☐ 19:00 PILATES SC		
☐ 20:00 IOGA VIVO SC		

XOVES	A CUBRIR POLA ADMINISTRACION	
☑ Horario das actividade	Praza	Agarda
☐ 10:30 IOGA SUAVE SM		
☐ 11:30 PILATES SM		
☐ 17:30 ESPALDA SM		
☐ 19:00 PILATES SC		
☐ 20:00 ESPALDA SC		

Documentación requirida con esta solicitude

▣ **Xustificante de pago da primeira mensualidade.**

DATOS BANCARIOS PARA REALIZAR O PAGO:
- ENTIDADE: ABANCA
- Nº CONTA: ES55 2080 0142 9031 1000 0019
- CONCEPTO: Nome e apelidos, Actividade, mes.

TARIFAS	PADRON	NON PADRÓN
1 clase á semana	**15€/mes**	**20€/mes**
Cada clase a maiores	**10€/mes**	**15€/mes**

CONDICIÓNS DO FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ADULTOS 2026/2027

CALENDARIO

- Do **01 de outubro** ata o **27 de maio 2027.**
- A actividade de **baile remata o 30 xuño do 2027**.
- Non hai clase, os días das clases coincidan en días non laborais por mor das festividades declaradas a nivel nacional, autonómica ou local, non sendo recuperables noutros días.

OFERTA DE ACTIVIDADES E PRAZAS

- Clases de 60 minutos de **ximnasia, pilates**, **ioga suave e vivo**, **espalda saudable**, **zumba** e **baile**.
- Ofértanse **16 prazas máximas por grupo** agás nos grupos de **pilates, 14 prazas**, no grupo de **baile de San Cosme, 22 prazas**, e no grupo de **baile de San Miguel, 24 prazas.**
- Non se ofertan os grupos que non reúnan as prazas mínimas esixidas por mes. Prazas minimas esixidas para grupos de baile son 10 e para os grupos restantes 5 prazas.

SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA

- Inscrición para persoas cos 14 anos cumpridos.
- Poderanse solicitar reserva de **prazas ofertadas** ou reserva de **prazas na lista de agarda** do grupo ou grupos de interese presentando mediante rexistro de entrada, presencial ou en liña, este **formulario de solicitude de reserva de praza (Anexo I).**Non se terán en conta aquelas solicitudes que cheguen por outras vías ou as que se presenten sen ser no modelo oficial facilitado.
- **Prazos de presentación:**
  - Publicación das persoas con dereito a renovación de prazas: o día da publicación destas bases.
  - PRAZO DE RENUNCIA Á PRAZA: Do 07 ao 11 de setembro de 2026.
  - 1º PRAZO DE INSCRICIÓN (PERSOAS EMPADRONADAS): Do 15 ao 22 de setembro de 2026
  - 2º PRAZO DE INSCRICIÓN (ACCESO LIBRE): a partir das 8:30h. do 23 de setembro**.**

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

- As prazas serán adxudicadas por orde rigorosa de presentación no rexistro de entrada.
- **Antes de iniciar unha presentación en liña,** a persoa interesada terá que **consultar** na oficina de rexistro do Concello a dispoñibilidade de **prazas libres** nas actividades de interese, se fose o caso de ter praza terá ata as 15:00h do mesmo día para facer o trámite de presentación acorde ás instrucións indicadas polo persoal da oficina pola contra perderase o dereito á reserva de praza.
- Cando unha **praza ofertada quede baleira,** farase **chamamento único** pola orde rigorosa da lista de agarda, para a adxudicación da praza correspondente. No caso de adxudicarse praza, a persoa presentará mediante rexistro toda documentación requirida, ante das 15:00h do día laboral seguinte, para consolidar a praza.

PAGOS

- O pago dos dereitos á praza esixirase no momento da súa adxudicación e súa recadación realizarase mediante a emisión dun recibo que servirá como xustificante de pago. O impago de dúas mensualidades consecutivas suporá a baixa de oficio na actividade correspondente.
- As contías a ingresar en concepto de cotas mensuais posteriores faranse a través de domiciliación bancaria debidamente autorizada pola persoa usuaria no anexo II, facéndose efectivas entre o día 1 e 7 de cada mes.
- De existir algún problema con algún recibo (cambio de conta bancaria non comunicado, devolución de recibo non xustificado, impago por descuberto, etc) o Concello tamén reclamará á persoa interesada o pago das comisións bancarias que o banco cobre por dita devolución de recibos.
- Calquera **cambio na conta bancaria deberá ser comunicado por escrito** antes da emisión da seguinte remesa bancaria**, antes do día 20 do mes anterior.**

COMUNICACION DE BAIXA

- As baixas serán **comunicadas por escrito** no Rexistro do Concello ou a través da Sede electrónica **antes do día 20 de cada mes** para que cursen efectos ao inicio do mes natural seguinte á data de solicitude.
- As baixas que non se comuniquen por estas vías non terán efecto e seguirán cobrándose os recibos correspondentes. Non se realizarán devolucións parciais de mensualidades.

☐ **Lín e acepto estas condicións.**

En Barreiros, a _____ de _____ de 202___ **Firma da persoa solicitante**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELL O DE BARREIROS, con dirección en RUA VILA, Nº 63 (SAN COSME DE BARREIROS), 27790 - BARREIROS (LUGO); administracion@concellodebarreiros.gal. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. O tratamento dos seus datos está lexitimado polo cumprimento dunha obriga legal e/ou polo consentimento que nos outorga coa firma da circular “Información Avanzada sobre Protección de Datos”. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, CONCELLO DE BARREIROS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: administracion@concellodebarreiros.gal.